

# **Programación de nivel (3 años)**

**CURSO 2021-2022**

1. **Contextualización:** á aula de 3 anos asisten 3 alumnos (3 nenos). Dous deles acudiron a diversas garderías ou ludotecas da zona e un non estivo escolarizado anteriormente. Respecto ao idioma materno todos eles son castelán falantes e polo momento non presentan dificultades salientables. O período de adaptación transcurriu sen grandes complicacións.

## 2. Áreas de aprendizaxe

### 2.1. Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

#### ➤ Obxectivos:

- Coñecer progresivamente o seu corpo e algúns dos seus segmentos e iniciarse no control das súas propias accións.
- Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades, preferencias..., aprendendo a expresarllos e comunicarllos aos demais.
- Desenvolver progresivamente o coñecemento do seu esquema corporal.
- Desenvolver progresivamente a súa percepción sensorial, as súas habilidades manipulativas
- Adquirir hábitos de hixiene e alimentación que lle permitan ser gradualmente autónomo/a .
- Aumentar o sentimento de autoconfianza e a capacidade de resolución de problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer de forma progresivamente autónoma as súas necesidades básicas.
- Identificar as sensacións e percepcións do propio corpo de forma que lle permitan controlar as súas necesidades básicas, utilizando os sentidos como medio para explorar o seu corpo e o seu contorno próximo.
- Mostrar interese cara ás actividades escolares.
- Participar, propoñer e iniciar xogos libres e dirixidos cos seus compañeiros e compañeiras e coas persoas adultas.
- Identificar necesidades básicas de saúde e benestar evitando situacións de perigo.
- Desenvolver actitudes e hábitos de colaboración e de axuda evitando comportamentos de submisión ou dominio, adecuando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos outros.

- Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Desenvolver a capacidade de atención, observación, percepción visual e auditiva para a realización das diferentes tarefas e para aprender.

## ➤ Contidos, criterios de avaliación e indicadores de logro.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<b>Algúns elementos do corpo: cabeza, mans, pés.</b>	Coñecer progresivamente o seu esquema corporal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala en si mesmo/a, nun compañeiro ou compañeira e nunha imaxe a cabeza, as mans e os pés.</li> <li>• Nomea os elementos da cabeza: ollos, nariz, boca.</li> <li>• Identifica elementos únicos e dobres do corpo.</li> </ul>
<b>Accións que se poden realizar coas mans, a boca e os pés.</b>	Coñecer as posibilidades motoras dalgunhas partes do seu corpo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que coas mans se pode tocar, acariciar, saudar...</li> <li>• Nomea algunhas das accións que se poden realizar coa boca.</li> <li>• Sabe que cos pés se pode camiñar, correr, saltar, xogar...</li> </ul>
<b>Características diferenciais do corpo.</b>	Coñecer algunhas das súas características diferenciais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifícase a si mesmo/a fronte ao espello.</li> <li>• Conta, de xeito adecuado á idade, aos seus compañeiros e compañeiras como é: louro/a, moreno/a, alto/a, baixo/a, cor dos seus ollos...</li> <li>• Coñece algunhas características físicas diferenciais de persoas doutras razas.</li> </ul>
<b>Diferenza neno-nena.</b>	Identificarse a si mesmo/a en relación ao seu sexo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece algunhas características físicas diferenciais relacionadas co sexo.</li> <li>• Identifícase como neno ou nena, segundo corresponda.</li> <li>• Identifica os seus compañeiros e compañeiras como nenos ou nenas, segundo corresponda.</li> </ul>
<b>Características físicas diferenciais e accións relacionadas coa</b>	Coñecer algunhas das accións que se realizan en función da idade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nomea as accións que realizan os bebés.</li> <li>• Nomea as accións que pode realizar.</li> </ul>

<b>idade</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relaciona as accións que pode realizar co pictograma que as representa.</li> </ul>
<b>Movimentos e posturas do corpo. Progresiva coordinación e control. Progresivo control do ton, o equilibrio e a relaxación. Xogos e actividades psicomotoras.</b>	Coñecer as súas posibilidades e limitacións motoras e controlar progresivamente os seus movementos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adopta diferentes posturas en función da actividade que vai realizar.</li> <li>• Controla de xeito progresivo os seus movementos globais.</li> <li>• Controla a marcha e a parada.</li> <li>• Participa nos xogos e actividades psicomotoras.</li> <li>• Reláxase despois dun período de actividade intensa.</li> </ul>
<b>Movimentos motores finos: esborranchar.</b>	Progresar nas habilidades motoras de carácter fino.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esborrancha libremente nun espazo delimitado.</li> <li>• É capaz de seguir unha dirección co dedo nun espazo concreto.</li> <li>• Sostén o útil gráfico adecuadamente.</li> </ul>
<b>Imaxe global de si mesmo/a.</b>	Elaborar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alégrase cando realiza as actividades e tarefas de forma correcta.</li> <li>• Ten un concepto positivo de si mesmo/a.</li> <li>• Gústalle facer as cousas por si mesmo/a.</li> <li>• Desexa aprender habilidades e destrezas novas.</li> </ul>
<b>Hábitos de hixiene, alimentación, vestido e descanso.</b>	Aplicar os hábitos básicos adquiridos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lava as mans só/soa ou con pouca axuda.</li> <li>• Gústalle estar limpo/a e aseado/a.</li> <li>• Sabe cómo comportarse na mesa.</li> <li>• Intenta poñer e quitar o mandilón ou o abrigo só/soa.</li> </ul>
<b>Obxectos relacionados coa hixiene, a alimentación e o descanso.</b>	Coñecer a función e utilizar adecuadamente os obxectos relacionados con estas rutinas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza os cubertos adecuadamente.</li> <li>• Sabe que co xabón lava as mans e que coa toalla as seca.</li> <li>• Contribúe, de xeito adecuado á idade, á limpeza e á orde dos espazos nos que se realizan estas actividades.</li> </ul>

<b>Necesidades básicas.</b>	Intentar satisfacer de xeito progresivamente autónomo as súas necesidades básicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e controla de xeito progresivo as súas necesidades básicas.</li> <li>• Solicita ir ao baño cada vez que o necesita.</li> <li>• Pode ir ao baño só/soa ou necesita pouca axuda do adulto.</li> </ul>
<b>A hixiene dental.</b>	Comprender a importancia de manter os dentes limpos e sans.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece os obxectos que necesita para realizar a hixiene dos dentes.</li> <li>• Sabe que debe cepillar os dentes despois das comidas.</li> <li>• Sabe que o consumo abusivo de lambetadas é prexudicial para os seus dentes.</li> </ul>
<b>Os sentidos: sensacións e percepcións.</b>	Coñecer algunhas sensacións que pode percibir por medio dos sentidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica olores agradables e desagradables.</li> <li>• Discrimina algúns sons familiares.</li> <li>• Utiliza o tacto para apreciar temperaturas.</li> <li>• Utiliza os sentidos para descubrir as calidades e propiedades dos obxectos.</li> </ul>
<b>Coidado do corpo e seguridade persoal.</b>	Aplicar os hábitos de seguridade persoal adquiridos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que hai obxectos que non debe meter na boca.</li> <li>• Discrimina obxectos e situacións que poden resultar perigosos.</li> </ul>
<b>Actividades cotiás: de xogo, de obrigas, de rutinas.</b>	Desenvolverse con autonomía progresiva nas diferentes actividades que realiza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia tempo de traballo de tempo de xogo.</li> <li>• Participa nos xogos cos seus compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Comprende as regras que rexen os xogos e respéctaa.</li> </ul>
<b>A temporalidade das rutinas cotiás.</b>	Discriminar as accións propias dos diferentes momentos da xornada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica as accións propias do día.</li> <li>• Identifica as accións e rutinas propias da noite.</li> </ul>
<b>Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</b>	Mostrar constancia na realización das actividades e tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquire progresivamente hábitos de traballo.</li> <li>• Permanece atento/a.</li> <li>• Está contento/a na clase.</li> <li>• É participativo/a e mostra interese.</li> <li>• Permanece sentado/a naquelas actividades que o requiren.</li> </ul>

<b>Hábitos de traballo en equipo</b>	Adquirir hábitos de traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoita a opinión das súas compañeiras e compañeiros.</li> <li>• Resolve os pequenos conflitos que se lle presentan por medio do diálogo.</li> <li>• Participa nas actividades grupais.</li> </ul>
<b>Coidado da saúde, exercicio físico e alimentación saudable</b>	Discriminar situacións favorables e prexudiciais para a saúde.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que debe comer todo tipo de alimentos.</li> <li>• Comprende que debe facer exercicio físico e non permanecer moito tempo sentado/a fronte á TV.</li> <li>• Móstrase tranquilo/a ante os pequenos accidentes.</li> </ul>
<b>Educación emocional: alegría, tristeza, enfado, medo, colaboración, axuda, xenerosidade.</b>	Identificar, expresar e controlar emocións básicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica expresións faciais dalgunhas emocións.</li> <li>• Controla de xeito adecuado á idade o seu enfado.</li> <li>• Intenta axudar o compañeiro ou compañeira que o necesita.</li> <li>• Sabe pedir axuda cando o necesita.</li> <li>• Móstrase xeneroso/a cos seus compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Acepta as demostracións de afecto dos demais.</li> </ul>
<b>Diversidade e tolerancia.</b>	Demostrar actitudes de respecto cara a todas as persoas independentemente das súas características físicas ou pertenza a unha determinada raza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• É respectuoso/a con todos os compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Non discrimina compañeiros ou compañeiras no xogo.</li> <li>• Sabe que hai nenos e nenas con costumes diferentes aos seus.</li> </ul>

## 2.2. Coñecemento do contorno: medio físico, natural, social e cultural.

### ➤ Obxectivos:

- Observar e explorar o ámbito en que se desenvolve a súa vida cotiá para comprender mellor o mundo que o rodea.
- Coñecer e aceptar a súa familia, descubrindo relacións de parentesco que nela se establecen . Coñecer que existen situacións familiares diferentes.
- Coñecer as características da súa casa e da escola sendo capaz de desenvolverse de forma progresivamente autónoma.
- Asimilar as normas que rexen os grupos nos que se desenvolve, sendo capaz de adecuar o comportamento ás necesidades e demandas dos demais.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos e algunhas das súas características.
- Coñecer e valorar algunhas profesións próximas a eles: médico/a, policía, bombeiro/a.
- Observar animais e plantas próximos e de contornos e hábitats afastados, descubrindo algunhas características e cambios que dos seus ciclos vitais. Valorar os beneficios que nos achegan e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- Observar diferentes tipos de paisaxe.
- 
- Aprender a respectar a diversidade e a desenvolver actitudes de axuda e colaboración, empezando a valorar a vida en grupo.
- Iniciarse no coñecemento dos costumes, vivendas, formas de vida doutros pobos do mundo, desenvolvendo actitudes de respecto cara á diversidade.
- Coñecer distintos tipos de vivenda, actuais e doutras épocas.
- Empezar a coñecer os cardinais 1, 2 e 3, relacionando a cantidade coa súa grafía.

- Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas e na súa linguaxe a través da manipulación e observación dos obxectos, descubriendo algunhas das súas propiedades.
- Identificar e recoñecer as formas circular, cadrada e triangular, describindo, manipulando e xogando con obxectos da vida cotiá con esas formas.
- Adquirir nocións básicas de orientación espacial e temporal.
- Empezar a establecer relacións, seriacións, agrupacións, clasificacións e comparacións entre coleccións de obxectos atendendo a distintos criterios traballados.
- Descubrir, a través da observación, da manipulación e da experimentación, os atributos físicos dos obxectos, aprendendo a usalos correctamente e adecuadamente.
- Iniciar no conteo e na realización de series sinxelas.
- Discriminar as cores vermella, amarela, azul, verde e laranxa.
- Desenvolver o pensamento e o razoamento lóxico resolvendo problemas na vida cotiá
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos habituais utilizados nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, DVD, videoxogos...

### ➤ Contidos, criterios de avaliación e indicadores de logro.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<b>As estacións do ano.</b>	Coñecer e nomear algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das diferentes estacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que no outono chove.</li> <li>• Coñece que o impermeable, as botas e o paraugas se utilizan para protexerse da chuva.</li> <li>• Identifica froitos propios do outono.</li> <li>• Sabe que no inverno debe protexerse do frío.</li> <li>• Relaciona pezas de vestir propias do inverno coas partes do corpo na que se poñen.</li> <li>• Sabe que, no inverno, nalgúns lugares neva.</li> <li>• Sabe que na primavera deixa de ir frío.</li> <li>• Observa que na primavera o parque</li> </ul>

		<p>se enche de flores de cores e pequenos insectos e que pode permanecer máis tempo xogando nel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica algúns alimentos propios do verán.</li> <li>• Sabe que no verán vai moita calor e hai que protexerse do sol.</li> </ul>
<p><b>A casa: dependencias, obxectos propios dos diferentes espazos e accións que se realizan neles. Diferentes tipos de vivendas.</b></p>	<p>Identificar as partes e dependencias da casa e coñecer os obxectos propios e as accións que se realizan en cada unha delas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece o nome das diferentes dependencias da casa.</li> <li>• Describe de xeito sinxelo as accións que realiza no dormitorio, no salón...</li> <li>• Relaciona obxectos coa dependencia á que pertencen.</li> <li>• Sabe que debe colaborar nas tarefas da casa.</li> <li>• Coñece que non todas as casas son iguais.</li> <li>• Cóntalles aos seus compañeiros e compañeiras como é a súa casa.</li> <li>• Nomea os obxectos da casa que non debe tocar.</li> </ul>
<p><b>A familia: membros e relacións de parentesco.</b></p>	<p>Identificar os diferentes membros da familia, establecendo relacións de parentesco.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica os diferentes membros da súa familia.</li> <li>• Sabe que non todas as familias son iguais en canto aos membros que as compoñen.</li> </ul>
<p><b>Os xogos populares, tradicións e costumes.</b></p>	<p>Introducir algún xogos tradicionais nas súas rutinas de ocio diario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece e disfruta con algún xogos tradicionais.</li> <li>• Respecta as normas dos xogos que se lle ensinan.</li> <li>• Practica a xogos tradicionais no patio de xeito voluntario.</li> </ul>
<p><b>Algúns lugares de ocio e diversión: o parque.</b></p>	<p>Comportarse adecuadamente nos diversos lugares de lecer e diversión que visite.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que non debe arrancar flores, nin pisar a herba no parque.</li> <li>• Coñece que debe esperar a súa quenda para montar nos columpios.</li> <li>• Comprende que debe tirar os papeis á papeleira para que o parque estea limpo e coidado.</li> </ul>
<p><b>-Fenómenos naturais: volcáns.</b></p>	<p><b>Coñecer as características dos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe por qué se producen os volcáns.</li> <li>• Recoñece as partes dun volcán.</li> <li>• Comprende as consecuencias devastadoras deste fenómeno</li> </ul>

<p><b>-As vivendas, evolución e tipos</b></p>	<p><b>volcáns</b></p> <p><b>Coñecer distintos tipos de vivendas .</b></p>	<p>natural.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe cales foron as primeiras vivendas dos seres humanos.</li> <li>• Recoñece diferentes tipos de vivendas según o momento histórico ( cova,castro,castelo, rañaceo).</li> <li>• Coñece as diferentes partes dunha casa e as súas funcións.</li> <li>• Comprende a importancia de disfrutar dunha vivenda digna e axeitada.</li> </ul>
<p><b>As plantas: coidado e respecto. Importancia da auga para a vida das plantas. Alimentos de orixe vexetal. Profesionais relacionados coas plantas.</b></p>	<p>Comprender a importancia das plantas para as persoas e iniciarse en actitudes de coidado e respecto cara a elas.</p> <p>Valorar o traballo realizado polos profesionais que se encargan do seu coidado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que as plantas necesitan auga para vivir.</li> <li>• Nomea algúns alimentos que proceden das plantas.</li> <li>• Comprende que debemos coidar as árbores e plantas porque son necesarias para as persoas.</li> <li>• Colabora no coidado dalgunha planta na clase (se a houbese).</li> <li>• Diferencia o traballo realizado polo/a xardineiro/a e o/a agricultor/a.</li> <li>• Coñece algunhas das ferramentas que utilizan nos seus traballos.</li> </ul>
<p><b>A reciclaxe e o coidado do medio ambiente</b></p>	<p>Comprender a importancia da reciclaxe para o medio ambiente</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece os distintos tipos de papeleiras e o uso de cada unha delas.</li> <li>• Clasifica os residuos que produce.</li> </ul>
<p><b>Diferentes tipos de alimentos: doces, froitas e verduras, característicos das diversas estacións. Alimentación saudable.</b></p>	<p>Discriminar diferentes tipos de alimentos atendendo a diversos criterios, comprendendo a importancia dunha alimentación saudable variada.</p> <p>Identificar as froitas e verduras como alimentos saudables</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica o sabor doce e salgado dalgúns alimentos.</li> <li>• Nomea alimentos propios das diferentes estacións.</li> <li>• Sabe que debe probar diferentes tipos de alimentos.</li> <li>• Distingue alimentos que se toman fríos e que se toman quentes.</li> <li>• Distingue alimentos beneficiosos e prexudiciais para a saúde.</li> </ul>

<p><b>Obxectos cotiáns relacionados coa hixiene, a alimentación e tecnolóxicos (teléfono, televisión, electrodomésticos, ordenador, cámara de fotos...).</b></p>	<p>Coñecer e utilizar adecuadamente os obxectos que emprega habitualmente nas diferentes actividades, iniciándose no uso moderado dalgúns medios tecnolóxicos, contribuíndo ao coidado destes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Discrimina os diferentes obxectos que utiliza pola utilidade que teñen.</li> <li>• Utiliza de xeito correcto e autónomo os obxectos.</li> <li>• Sabe que algúns electrodomésticos serven para conservar os alimentos e outros para quentalos.</li> <li>• Sabe que non debe permanecer moito tempo vendo a tele ou xogando co ordenador .</li> </ul>
<p><b>A serie numérica: cardinais 1,2,3. Direccionalidade e grafía</b></p>	<p>Identificar e realizar a grafía dos números 1,2,3 e asocialos coas cantidades correspondentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Segue co dedo a direccionalidade dos 3 primeiros números.</li> <li>• Realiza a grafía dos números 1,2,3.</li> <li>• Identifica os 3 primeiros cardinais.</li> <li>• Sabe contar ata 3.</li> </ul>
<p><b>Formas planas: círculo, cadrado e triángulo.</b></p>	<p>Identificar e discriminar as formas planas traballadas, localizándoas no contorno</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala obxectos de forma circular, cadrada e triangular.</li> <li>• Nomea obxectos desas formas.</li> <li>• Realiza o debuxo desas formas de acordo a idade.</li> </ul>
<p><b>Nocións espaciais: dentro-fora, arriba-abaixo, diante-detrás, a un lado a o outro.</b></p>	<p>Localizar obxectos ,e a sí mesmo no espacio atendendo aos contidos traballados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala obxectos dentro ou fora nunha situación dada.</li> <li>• Nomea elementos do seu corpo que se atopan arriba ou abaixo.</li> <li>• Localiza obxectos a un lado e a outro dun punto de referencia.</li> <li>• Localiza obxectos e a si mesmo atendendo a criterios adiante e atrás.</li> <li>• Realiza clasificacións e agrupacións atendendo aos criterios traballados.</li> </ul>
<p><b>Cuántificadores básicos: moitos-poucos, cheo-baleiro, máis que-menos que.</b></p>	<p>Discriminar adecuadamente os cuantificadores traballados e realizar clasificacións e agrupamentos segundo eles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende os cuantificadores cheo-baleiro e moitos-poucos.</li> <li>• Diferencia en dous conxuntos cal ten máis e menos.</li> <li>• Realiza agrupacións e clasificacións atendendo aos criterios traballados.</li> </ul>
<p><b>Tamaños e medidas: grande-pequeno, curto-longo, alto-baixo.</b></p>	<p>Diferenciar os tamaños traballados e realizar estimacións de medida sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala elementos grandes e pequenos.</li> <li>• Discrimina obxectos longos e curtos.</li> <li>• Nomea persoas ou obxectos altos e baixos.</li> <li>• Realiza clasificacións e</li> </ul>

		agrupacións atendendo ás nocións traballadas.
<b>Experiencias sinxelas.</b>	Coñecer e establecer relacións sinxelas causa-efecto mediante a manipulación de obxectos e materiais e a través da realización de experiencias sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pon atención na explicación das diferentes experiencias ou experimentos.</li> <li>• Segue os pasos que debe na realización dos mesmos</li> <li>• Anticipa posibles resultados.</li> </ul>
<b>Propiedades dos obxectos: cor (vermella, amarela, azul, verde, laranxa e morado), aberto-pechado, igual-diferente.</b>	Observar e discriminar as propiedades traballadas nos obxectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinala obxectos da cor que se indica.</li> <li>• Nomea obxectos e elementos que sempre son da mesma cor.</li> <li>• Sabe como se obteñen as cores verde, laranxa e morada.</li> <li>• Sae que partes do corpo se abren e pechan.</li> <li>• Identifica semellanzas e diferencias en imaxes parecidas.</li> <li>• Agrupa e clasifica de acordo coas propiedades traballadas.</li> </ul>
<b>Series sinxelas</b>	Realizar series atendendo a dous-tres criterios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza adecuadamente as serie propostas.</li> <li>• Pon atención para determinar o criterio dunha serie.</li> </ul>
<b>Resolución de problemas matemáticos moi sinxelos.</b>	Resolver problemas que xorden na súa vida cotiá utilizando os contidos matemáticos aprendidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplica os coñecementos adquiridos para resolver problemas nos que interveñen o razoamento lóxico e as habilidades matemáticas.</li> <li>• Conta.</li> <li>• Agrupa.</li> <li>• Clasifica.</li> <li>• Discrimina.</li> </ul>

## 2.3. Linguaxes: comunicación e representación

### ➤ Obxectivos:

- Empregar a linguaxe oral como medio de comunicación, pronunciando, articulando e expresándose de forma cada vez máis clara.
- Expresar emocións, necesidades, desexos, mediante a lingua oral e outras linguaxes.

- Progresar no desenvolvemento da expresión oral e da comprensión verbal.
- Mostrar unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Aumentar progresivamente o vocabulario.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos , mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.
- Participar nas situacións de transmisión oral, respectando as normas que a rexen.
- Iniciarse na lectura e escritura valorando os seus usos sociais como instrumentos de comunicación, información e goce.
- Iniciarse na escritura de grafías aplicando unha correcta dirección no trazo, collendo adecuadamente o útil gráfico e adoptando unha posición adecuada ao escribir.
- Utilizar as normas elementais de cortesía para saudar e despedirse.
- Ler e interpretar imaxes, tarxetas pictogramas.
- Interesarse polos instrumentos da linguaxe escrita.
- Iniciarse na produción e interpretación de textos sinxelos.
- Iniciarse na comprensión de contos seguindo a secuencia temporal.
- Concienciarse da relación da linguaxe oral coa representación gráfica
- Utilizar algunhas técnicas e recursos da expresión plástica, corporal, musical e dramática para ampliar as posibilidades comunicativas e desenvolver a creatividade.
- Iniciarse no coñecemento dalgunhas obras de arte pictóricas, escultóricas e arquitectónicas, coñecendo algúns datos curiosos e representativos dos seus autores.
- Descubrir posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Comprender mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, encerado dixital, televisión, DVD, ), utilizandoos moderadamente..
- Utilizar outras linguaxes non verbais: xestual, corporal, musical, plástica...
- Coñecer o ruído que producen algúns obxectos ao manipulalos, diferenciando entre ruído e música.

- Discriminar algúns sons producidos polo corpo, contorno próximo, medios de transporte, instrumentos musicais, dalgúns animais...
- Coñecer algunhas cancións infantís e participar en representacións musicais.
- Coñecer e manipular algúns instrumentos musicais.
- Inicialos no coñecemento dalgúns compositores musicais clásicos.
- Empregar e coñecer adecuadamente os útiles da actividade plástica.
- Utilizar as posibilidades expresivas do corpo e iniciarse no control do movemento e da relaxación.
- Representar, por medio da expresión corporal, dramatizacións sinxelas.

### ➤ Contidos, criterios de avaliación e indicadores de logro.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<b>A linguaxe oral e a necesidade da comunicación. Ampliación progresiva do vocabulario.</b>	Utilizar a comunicación oral para comunicarse e facerse entender cos seus iguais e co adulto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posúe un léxico adecuado á idade.</li> <li>• Articula e pronuncia de xeito progresivamente correcto as palabras do vocabulario.</li> <li>• Comunícase oralmente cos demais.</li> <li>• Sabe facerse entender.</li> <li>• Articula as frases adecuadamente.</li> <li>• Progresa o seu nivel de expresión oral.</li> <li>• Expresa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades.</li> <li>• escoita os demais mentres falan.</li> <li>• Utiliza, de xeito progresivo, determinantes e nexos nas súas producións orais.</li> <li>• Utiliza algúns recursos extralingüísticos para facerse entender: xestos, entoación...</li> </ul>

<p><b>Textos da tradición oral: contos, poesías, trabalinguas...</b></p>	<p>Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Progresa o seu nivel de comprensión verbal.</li> <li>• Comprende as mensaxes dos seus compañeiros e compañeiras.</li> <li>• Comprende os contos.</li> <li>• É capaz de dar unha idea aproximada do conto que escoitou.</li> <li>• Permanece atento/a na audición de contos e de historias.</li> <li>• Memoriza rimas e poesías sinxelas.</li> <li>• Participa nos diálogos da clase.</li> <li>• Achega as súas ideas nas conversacións grupais.</li> </ul>
<p><b>Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, etiquetas, fotografías, murais, contos...</b></p>	<p>Mostrar interese polos diferentes soportes escritos presentes no seu contorno e iniciarse na comprensión da mensaxe que conteñen.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gústalle observar e manipular diferentes soportes escritos: contos, fichas, cartolinas de imaxes, láminas de fotografías, murais das unidades.</li> <li>• Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre as imaxes que observa.</li> <li>• Observa, le e interpreta pictogramas e etiquetas.</li> </ul>
<p><b>Normas que rexen o intercambio lingüístico. Normas socialmente establecidas.</b></p>	<p>Coñecer as normas que rexen o intercambio lingüístico e aplicarlas nos seus intercambios orais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta a quenda de palabra.</li> <li>• Sabe que debe escoitar os demais.</li> <li>• Mira a persoa que lle fala.</li> <li>• Solicita as cousas adecuadamente.</li> <li>• Saúda, despídese e da as grazas.</li> </ul>

<p><b>Iniciación en la lectoescritura: trazos (vertical, horizontal, oblicuo, curvo, ondulado...) y formación de estructuras gramaticales simples</b></p>	<p>Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, en función do seu nivel madurativo, interesándose polas situacións de lectura e de escritura da aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Goza nas situacións de lectura na clase.</li> <li>• Sabe a direccionalidade correcta da lectura.</li> <li>• Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre unha historia lida.</li> <li>• Sinala elementos e obxectos que lle nomean.</li> <li>• Identifica os carteis que rotulan diferentes espazos da aula.</li> <li>• Diferencia a grafía dalgunhas letras e números doutros caracteres.</li> <li>• Colle o lapis e senta adecuadamente para escribir.</li> <li>• Comeza a orientarse no espazo gráfico esborrachando e realizando trazos nun espazo delimitado.</li> <li>• Interpreta imaxes e pictogramas.</li> <li>• Realiza de xeito aproximado a grafía dalgúns números.</li> <li>• Esfórzase por producir trazos e grafías cada vez máis lexibles.</li> <li>• Coñece a grafía do seu nome.</li> <li>• Coida adecuadamente os libros e contos propios e os da clase.</li> </ul>
<p><b>Realización de descrições sinxelas.</b></p>	<p>Iniciarse na descrición de elementos moi familiares do seu contorno utilizando progresiva e adecuadamente frases de maior complexidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descríbese a si mesmo/a de xeito sinxelo..</li> <li>• Relata sucesos que lle aconteceron na súa vida cotiá.</li> <li>• Describe de xeito moi sinxelo o obxecto, personaxe, animal... que o nomean.</li> <li>• Ordena temporalmente os sucesos acontecidos.</li> <li>• Utiliza frases cunha estruturación gramatical progresivamente máis complexa.</li> </ul>

<p><b>Técnicas, materiais, útiles da expresión plástica.</b> <b>Artistas universais e as súas obras.</b></p>	<p>Expresarse e comunicarse utilizando os medios, as técnicas e os materiais da expresión plástica, gozando coa realización das súas producións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esborrancha libremente utilizando cores e ocupando todo o espazo gráfico.</li> <li>• Desprende, con axuda do docente, os troqueis.</li> <li>• Pega adhesivos.</li> <li>• É creativo/a nas súas producións.</li> <li>• Coida os materiais e útiles das actividades plásticas.</li> <li>• Utiliza diferentes técnicas: estampando as súas pegadas, pintando coas mans e utilizando a pintura de dedo, amasando plastilina, pegando boliñas de papel de seda, coloreando, mesturando as cores, experimentando con elas...</li> <li>• Pica libremente e seguindo unha pauta.</li> <li>• Participa nas actividades plásticas realizadas en grupo.</li> </ul>
<p><b>Posibilidades expresivas do corpo.</b> <b>Sentimentos e emocións e a súa expresión corporal.</b></p>	<p>Utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo para comunicar sentimentos e emocións gozando nas actividades de expresión corporal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apóiase na linguaxe corporal para facerse entender.</li> <li>• Participa e goza coas dramatizacións realizadas na clase.</li> <li>• É capaz de xesticular coa cara diferentes emocións.</li> <li>• Sabe relaxarse despois dunha intensa actividade corporal.</li> </ul>
<p><b>Linguaxe musical: discriminación de sons relacionados cos contidos traballados, algunhas calidades do son (duración, intensidade...) e coñecemento dalgúns instrumentos musicais.</b></p>	<p>Desenvolver a discriminación auditiva para identificar diversos sons, diferenciando entre ruído e silencio e coñecendo algunhas propiedades do son. Comprender que a música é un medio para comunicar sentimentos, ideas...</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia entre son e silencio.</li> <li>• Identifica sons producidos polo corpo.</li> <li>• Recoñece sons producidos por obxectos da clase e da casa.</li> <li>• Nomea o medio de transporte que produce un determinado son .</li> <li>• Coñece os sons que producen determinados fenómenos atmosféricos.</li> <li>• Diferencia sons longos e curtos..</li> <li>• Goza coa audición dalgunhas obras de autores clásicos.</li> <li>• Discrimina o son producido por algúns instrumentos musicais: a fruta, o tambor, os axóuxeres...</li> <li>• Memoriza algunhas cancións da clase.</li> <li>• Participa nas actividades musicais.</li> </ul>

<b>Linguaxe tecnolóxica: achegamento a diversas producións audiovisuais (películas, debuxos, animados) e recursos tecnolóxicos (ordenador, TV, encerado dixital...).</b>	Comprender de xeito adecuado á idade a mensaxe que transmiten os medios tecnolóxicos, sabendo que debe facer un uso supervisados e moderado destes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe que co ordenador nos podemos comunicar e informar.</li> <li>• Sabe que non debe permanecer moito tempo vendo a TV ou co ordenador.</li> <li>• Identifica as iconas dalgúns programas informáticos.</li> </ul>
--	---	---

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade de intereses, capacidades, motivacións, é un feito. Esta diversidade enriquece a nosa escola onde todos aportamos, todos axudamos e todos somos respectados.

Tentaremos dar una resposta educativa a dita diversidade tendo en conta o Decreto 229/2011. A resposta educativa para atender a esa diversidade desenvólvese de xeito concreto no centro e na aula desde a PXA, o PE e mais concretamente na Programación de aula, e deberá resolverse en función de cada contexto e nun triple ámbito: o curricular, o metodolóxico e o organizativo. Dende o ámbito curricular hai que analizar posibles medidas curriculares que inclúen as de carácter metodolóxico; adecuación de obxectivos, contidos e avaliación. Dende o ámbito organizativo, as características que favorecen a diversidade son: flexibilidade, funcionalidade, participación e comunicación.

## CRITERIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Todas e cada unha das actividades a realizar se adaptarán as características e peculiaridades dos nenos/as do grupo-clase. Para atender a diversidade na aula temos que ter en conta:

- Propor actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos.
- Propor actividades con diversos graos de realización.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Propor actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.
- Preparar o traballo de forma sinxela, dando a tarefa máis estruturada.
- Facilitar a execución da tarefa ofrecéndolle recursos didácticos necesarios.
- Adecuar a linguaxe segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as.
- Seleccionar técnicas e estratexias que sexan útiles para todos os alumnos/as, incluídos os que presentan necesidades educativas especiais.
- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno/a.
- Achegar todo tipo de información ao Departamento de Orientación.

- Proporcionar orientación as familias ( pautas de actuación, actividades...).
- Atención individualizada na aula do especialista en P.T. e en A.L.